

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/12/2024	GOB18I09S
3S6B043Y1A4K0Z0X03IM	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTESETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> OLGA AMENEIRO LOPEZ D/D<sup>a</sup> MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA</p> <p><b><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL.:</u></b> D/D<sup>a</sup> PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinteseite de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### 2 .- PROPOSTA DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE POR CADUCIDADE DUNHA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN ( EXP.LPO 1/2021.-

(...)

PRIMEIRO.- **ARQUIVAR o expediente por caducidade** da solicitude presentada o día 04.01.2021 por Francisco Javier Piñón Carro en representación de Carlos José Dopico Basoa, para licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar no Camiño do Alambrado – lugar Igrexa – San Xiao (referencia catastral 7502722NJ6270S0001RW).

SEGUNDO.- Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de 36,82 euros, consonte ao establecido na ordenanza fiscal núm. 11.

TERCEIRO.- Dar conta desta resolución ao servizo de Disciplina Urbanística deste Concello.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, dándolle os recursos pertinentes.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **3 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Á XUNTA DE GALICIA RELATIVA A SOLICITUDE DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024 .-** Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía: **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Solicitud de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2024 a Xunta de Galicia.*

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que subscribe, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta á Alcaldía :

#### **ANTECEDENTES:**

Desde hai máis de 10 anos, o Concello de Narón expón anualmente o grao de realización dos proxectos cofinanciados pola Comunidade Autónoma e o Ministerio de Traballo en canto ás prestacións básicas de servizos sociais, paso necesario para realizar a solicitude de subvención para o seguinte exercicio.

Actualmente, esta xustificación e solicitude está regulada polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Unha vez xustificado polo Servizo Sociocomunitario Municipal a anualidade correspondente ao ano 2023, compre realizar a solicitude de financiamento para o exercicio 2024. A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para a solicitude de subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano imposibilita a súa aprobación, antes do prazo límite de presentación da solicitude na aplicación da Xunta de Galicia, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación de aprobación da solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, , sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

-Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo.

-Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

-Decreto 148/2014 de 6 de novembro , polo que se modifica o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

-Orde 14 de decembro de 2021 polo que se modifica o módulo de financiamento do SAF para dependentes. Dog nº 242 de 20/12/2021.

-Orzamento do concello de Narón en vigor.

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario , propón á Alcaldía que resolva:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a aprobación da Solicitud de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2024, á Xunta de Galicia.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2024, por un importe de 7.228.911,16€ co seguinte detalle ( ver documento aupac SSO18I0NI, informe da xefa do Servizo) :

Concepto	Importe total	Achega municipal	Subvención solicitada	Outras achegas autonómicas concedidas
Persoal	1.451.031,99	1.003.161,79	412.192,00	35.678,20
Mantemento	500,00	250,00	250,00	0,00
Axuda no fogar libre concorrencia	69.510,00	33.510,00	36.000,00	0,00



Axuda no fogar Dependencia	2.998.350,90	1.355.418,90	1.642.932,00	0,00
Programas	2.709.518,27	1.945.546,74	561.537,00	202.434,53
TOTAL	7.228.911,16	4.337.887,43	2.652.911,00	238.112,73

3º.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

4º.- O Concello de Narón comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2024 na contía de 4.337.887,43€ que supón unha porcentaxe do 62,05% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º.- O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080"

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 25/03/2024, documento de intervención(ICO18I037),do documento(SSO18I0OE) do expediente SSO/12//2024, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

Asinado dixitalmente por:  
A Alcaldesa-Presidenta  
Marián Ferreiro Díaz  
25/03/2024

Ante min ( Dou fe da identidade do asinante)  
Asinado dixitalmente por:  
Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.  
O Secretario Xeral  
25/03/2024

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

## **4 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA PARA O ANO 2024.-** Dase conta da seguinte Resolución de Alcaldía: **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

### "ANTECEDENTES

No DOG nº17, do 24 de xaneiro de 2024, publicouse a Orde do 27 de decembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2024.

Según o artigo 4 da orde; A contía da subvención que se concederá ás entidades beneficiarias será o equivalente ao necesario para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa desempregada contratada que reúna os requisitos establecidos no artigo 13 da presente orde, cos seguintes importes salariais máximos subvencionables:

Para os grupos de cotización 1 e 2: 18.703,12 € . ; Para os grupos de cotización 3 a 7: 14.962,50 €.

Para os grupos de cotización 8 a 10: 11.893,32 €.

No referente a financiación das axudas, temos que ter en conta os artigos 2.3 e 2.4 do articulado, posto que se lle asignará a cada entidade solicitante, unha axuda inicial equivalente as contratacións que lle correspondan en función do número de persoas perceptoras de Risga existentes en cada concello a 31/12/2022, e de conformidade coa escala referenciada no artigo 2.4. Por conseguinte e posto que a cantidade de persoas perceptoras de Risga existentes en Narón a esa data foi de 37, corresponde a contratación de hasta 5 contrataciónes.

O obxecto específico desta convocatoria é proporcionarlles a estas persoas a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral. A contratación prevista de un capataz e catro peóns, ao 75% da xornada durante 9 meses, sería de 01/06/2024 ata o 28/02/2025.

En data 18/03/2024, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, notifica ao concello de Narón un requirimento de documentación para completar a solicitude de subvención para contratación de persoas perceptoras de risga no ano 2024

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para solicitar as subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.
- Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais
- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, artigos 10.2 e 83.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, artigos 23 e 27.
- Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2024.
- Requerimento de documentación realizado o 18/03/2024 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, co obxecto de correxir os defectos da solicitude de subvención para contratación de persoas perceptoras de risga , ao abeiro da orde 27/12/2023.

Á vista do anterior, A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón a alcaldía que resolva:

Primeiro: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para solicitar a subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a contratación de persoas perceptoras de RISGA para o ano 2024.

Segundo: Solicitar, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, unha subvención por importe de 62.535,78€ para a contratación de persoas desempregadas, nos termos expresados na orde de data 27 de decembro de 2023, que regula a convocatoria para o ano 2024, cos seguintes datos:

CATEGORÍA	Nº TRABALLADORES
Peón (GC 09)	4
Capataz (GC 05)	1

Terceiro: Aprobar o proxecto de obra ou servizo denominado "Programa de mantemento e limpeza do Patrimonio Público de Narón.

Cuarto: A vista do informe emitido polo servizo de Organización e Recursos Persoais de data 07/03/2024 (PER1810WT), aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito:

CONCEPTO	DURACIÓN E XORNADA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA			IMPORTE (€)	XUNTA 2025	IMPORTE TOTAL
			CONCELLO 2024	CONCELLO 2025			
Salarios	9 meses	4530/13100	12.674,04 €	3.930,65 €	34.210,80 €	10.639,73 €	61.455,22 €



5 traballadores	75%						
SS GC 9	9 meses	4530/16000	3.871,25 €	1.935,63 €	10.478,92 €	5.239,46 €	21.525,26 €
5 traballadores	75%						
Productividade criterios de Execución	9 meses	4530/13105	565,15 €	161,47 €	1.529,79 €	437,08 €	2.693,49 €
	75%						
Indemización 5 traballadores	9 meses	4530/13100	0,00	2.137,42 €	0,00	0,00	2.137,42 €
	75%						
Publicidade		2312/22602	150,00€	0,00	0,00	0,00	150,00
Vestuario		4590/22104	2.400,00€	0,00	0,00	0,00	2.400,00
Outros suministros		4590/22699	550,00€	0,00	0,00	0,00	550,00
TOTAL			20.210,44€	8.165,17€	46.219,51€	16.316,27	90.911,39€

Quinto: O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas.

Sexto: Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

Sétimo: O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080

Oitavo: Dar conta da resolución á Xunta de Goberno Local."

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 21/03/2024, documento de intervención(ICO18I02V),do documento(SSO18IOPQ) do expediente SSO/26//2024, cos documentos contables RC220240001843, RC220240001863, RCP220249000104, RCP220249000105, RCP22024000106 e RCP 22024000107, non obstante, advírtese que non existe crédito na aplicación orzamentaria 2312 22602 para tramitar a correspondente retención de crédito para o gasto de publicidade, e, por outra parte, para a cobertura de gastos do ano 2025 deberá dotarse o crédito orzamentario necesario no orzamento do ano 2025, no caso de ser concedida a subvención. A toma de razón da solicitude de subvención realizase neste momento tralo requerimento realizado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, toda vez que a solicitude inicial non se remitiu a tempo á Intervención municipal para a súa toma de razón, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

Asinado dixitalmente por:  
A Alcaldesa-Presidenta  
Marián Ferreiro Díaz  
22/03/2024

Ante min ( Dou fe da identidade do asinante)  
Asinado dixitalmente por:  
Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.  
O Secretario Xeral  
22/03/2024

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

## 5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4